

Semana 03

1º e 2º ESO

Un saúdo moi cordial

A unha reunión acoden 10 persoas e todas se saúdan apertándose as mans. Cantas apertas se darán cando se saúden todos? E se fosen 20?

3º ESO, 4º ESO, FPB e CM

Deportes

Nun grupo de 230 estudantes hai:

- ♦ 15 que practican fútbol, atletismo e baloncesto.
- ♦ 23 que practican fútbol e baloncesto.
- ♦ 36 que practican atletismo e baloncesto.
- ♦ 28 que practican atletismo e fútbol.
- ♦ 61 que practican fútbol.
- ♦ 64 que practican baloncesto.
- ♦ 75 que practican atletismo.

Cantos non practican ningún deporte?

Bacharelato e CS

Canto traballo!

Parece que as clases da ESO e Bacharelato da provincia de Ourense tiveron moitos problemas de matemáticas que resolver no curso anterior. Para numerar todos estes problemas sería necesario utilizar tantas cifras como o número representado pola data tope de entrega deste problema, é dicir, 13022015.

Cantos problemas realizaron durante o curso pasado?